



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 6 DE ABRIL DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO. EXCMO. SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Proxecto de Lei de modificación da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Decreto sobre subvencións a fondo perdido para o remate exterior de vivendas unifamiliares rurais de nova construción.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo superior ao 10 por cento da subvención no momento da concesión da orde pola que se convocan axudas para mantemento e mellora na calidade das escolas infantís 0-3 dependentes das corporacións locais.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o gasto da obra: "Primeira fase da autovía Sarria A6 (Nadela). Treito IV: vía de conexión autovía Lugo-Sarria coa LU-636.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Ministerio de Educación e Ciencia para o desenvolvemento das accións previstas no convenio



marco *Internet en el aula*, promovido polo Ministerio de Educación e Ciencia, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a entidade pública empresarial *Red.es*.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Cerceda para a execución do proxecto de ampliación do polígono industrial de Acevedo (1ª fase), en Cerceda.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello da Laracha para a execución do proxecto de acondicionamento da estrada A Laracha-Cerceda.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos no marco do programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM RURAL-Brión-Vilagarcía de Arousa).

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a *Fundación Marco* para a realización de actividades culturais, didácticas e de difusión.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello do Vicedo para a execución das obras: "Saneamento en pequenos núcleos de poboación. Mellora da rede de saneamento en Xilloi. O Vicedo (Lugo)" por importe de 171.079,82 euros.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello de Paderne para a execución das obras: "Saneamento en pequenos núcleos de poboación. Saneamento en Gas-Souto. Paderne (A Coruña)" polo importe de 199.751,97 euros.



- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia cos concellos de Caldas de Reis e Moraña para a execución das obras: "Actuacións de saneamento na bacía Galicia Costa. Colectores e depuración en Aboi, Paradivas e Sabadín. Caldas de Reis e Moraña (Pontevedra)", por importe de 787.330 euros.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Monforte de Lemos para a execución das obras: "Mellora das infraestruturas hidráulicas na Comunidade Autónoma. Abastecemento de auga á parroquia das Nocedas. Monforte de Lemos (Lugo)", polo importe de 250.000 euros.
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Porto do Son para a creación dun punto limpo.
- Acordo polo que se aproba o informe sobre a contaminación na Ría de Vigo: evolución, estado actual e plan de actuación.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Informe sobre as formas de colaboración estable na xestión dos servizos sociais de ámbito local.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a proposta do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación relativa ao Plan de reestruturación do sector lácteo.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Informe sobre a Orde do 3 de abril de 2006 pola que se convocan axudas á paralización definitiva de buques pesqueiros para o exercicio de 2006 e se modifica a orde do 28 de novembro de 2000 pola que se establecen as bases e condicións e se regula o procedemento de concesión de axudas á paralización definitiva de buques pesqueiros.



VICEPRESIDENCIA E CONCELLOS ESTABLECERÁN FÓRMULAS ESTABLES DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS

- *O departamento que dirixe Quintana presentou hoxe un informe sobre o futuro protocolo que asinará coa FEGAMP*
- *O Consorcio Galego para a Xestión dos Servizos de Igualdade e Benestar prestará especial atención á xestión integral das escolas infantís*

A Vicepresidencia presentou hoxe no Consello da Xunta un informe sobre o futuro establecemento de formas de colaboración estable coas entidades locais para a xestión dos servizos sociais de ámbito local. O departamento que dirixe Anxo Quintana asinará en breve coa Federación Galega de Municipios e Provincias un protocolo de colaboración para a constitución do Consorcio Galego para a Xestión dos Servizos de Igualdade e Benestar de ámbito local.

O seu obxectivo será fixar a participación e a colaboración de Xunta e Concellos na xestión integral dos servizos sociais de ámbito local (de atención primaria e especializados de ámbito local), e con especial atención, na xestión integral das escolas infantís. Considérase de excepcional importancia a prestación efectiva dun servizo de carácter asistencial ás familias mediante o coidado aos nenos e nenas menores de tres anos, entendendo este servizo como parte importante das medidas a prol da conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

A través deste Consorcio, a Vicepresidencia dá cumprimento a un dos seus compromisos prioritarios de impulsar liñas de ampliación e mellora da rede pública de servizos de atención, co fin de paliar as deficiencias que presenta nestes momentos: oferta insuficiente, carácter fragmentario e discontinuo para efectos de cobertura territorial e falta de mecanismos efectivos de coordinación entre os sistemas de protección social. A finalidade primordial é que os mecanismos de colaboración que se establezan entre Xunta e concellos contribúan a incrementar, de xeito notable, o grao de benestar das familias de Galicia, así como nos niveis de equidade, de cohesión e de igualdade de oportunidades no acceso aos servizos.

Constitución do Consorcio

Unha vez constituído o Consorcio entre a Vicepresidencia e a FEGAMP, esta fórmula de colaboración poderá estenderse a todas as entidades locais de Galicia que decidan integrarse no Consorcio. A súa misión principal será a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, con especial atención na xestión integral das escolas infantís.

Os obxectivos principais que deberán quedar cubertos son: garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade; incrementar



de xeito notable a cobertura, intensidade e horario de atención dos distintos servizos e prestacións; contribuír á mellora das condicións de vida das persoas que presentan especiais necesidades de protección social nos concellos galegos; e por último, proceder a unha distribución efectiva dos servizos e prestacións co fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación.



A SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE PON EN MARCHA AS AXUDAS PARA O MANTEMENTO E A MELLORA DA CALIDADE DAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3

- *O Consello da Xunta deu luz verde á convocatoria de subvencións dirixidas ás corporacións locais cun importe global de 4.200.000 euros*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, deulle o seu visto e prace á convocatoria por parte da Secretaría Xeral da Igualdade, dependente da Vicepresidencia, das subvencións para o mantemento e a mellora na calidade das escolas infantís 0-3 dependentes das corporacións locais. O importe global destinado a estas axudas ascende a 4.200.000 euros.

Estas subvencións recollen dúas liñas de axuda. A primeira liña vai dirixida aos gastos derivados do funcionamento dos centros, no relativo aos gastos de persoal, alimentación e outros gastos xerais do mantemento das escolas infantís. A segunda liña, máis innovadora, recolle axudas destinadas á mellora da calidade dos servizos, e compensará os gastos derivados do deseño, xestión e execución de programas con este obxectivo.

Calidade nos servizos

Dentro desta liña dirixida á mellora da calidade, valoraranse sobre todo os proxectos que desenvolvan programas de innovación pedagóxica e dinamización lingüística, así como os que ofrezan servizos complementarios de atención e apoio familiar, que leven a cabo un plan de mellora nutricional no comedor infantil ou que desenvolvan plans de formación para o seu persoal, preferentemente nas materias de innovación pedagóxica, atención temperá ou necesidades educativas especiais. Ademais, terase en conta o esforzo por dispoñer de persoal de atención directa por riba das ratios mínimas establecidas.

Axilidade e aposta pola xestión pública

A contía anual das axudas estará en función do número de unidades da escola infantil e, no caso das axudas de mantemento, a prestación do servizo de comedor. Con esta novidade (en anos anteriores establecíanse as contías polo número de nenos atendidos), axilizarase a xestión burocrática para os concellos. Por outra parte, primarase a xestión directa dos servizos sobre aqueles servizos prestados de forma indirecta a través de contratos de xestión de servizos públicos.

Para obter calquera dos dous tipos de axuda, será de obrigado cumprimento para as entidades locais solicitantes o proxecto educativo da escola infantil establecido segundo a estrutura que figura na orde de subvencións. As escolas tamén terán que comprometerse a adxudicar prazas con carácter urxente aos fillos de mulleres vítimas da violencia de xénero.



As entidades que queiran acollerse ás subvencións para a organización destas accións formativas, terán un prazo para a presentación das súas solicitudes dun mes, contado a partir do día seguinte da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 6,4 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DO ENLACE DA AUTOVÍA NADELA-SARRIA COA ESTRADA LU-636

A Consellería de Política Territorial investirá un total de 6,4 millóns de euros na construción do enlace da autovía Nadela-Sarria coa estrada LU-636, de preto de 4 quilómetros de lonxitude, que actuará como unha variante da localidade luguesa de Sarria.

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto de 5,9 millóns de euros para a execución da obra, aos cales hai que engadir outros 500.000 euros que se suman ao orzamento global e que se destinan ao pagamento das expropiacións necesarias.

A construción deste enlace vén determinada pola elevada densidade de tráfico que soporta o núcleo urbano de Sarria. Por tal motivo é necesario executar un ramal que conecte o enlace de Sarria Norte, na autovía Nadela-Sarria, partindo da rotonda do dito enlace coa estrada LU-636, e conectará con dita estrada á altura do Polígono Industrial de Mourelle.

Deste xeito evitarase o tráfico pesado que conflúe nas rúas do núcleo urbano, mellorando a seguranza viaria e a calidade de vida dos cidadáns da zona, xa que dará servizo a preto de 20.000 habitantes dos concellos de Becerreá, Láncara e Sarria.

O proxecto de construción da obra foi aprobado en xaneiro do ano pasado e xa se levou a cabo o proceso expropiatorio dos 123 predios afectadas, polo que proximamente, a CPTOPT procederá á licitación da obra para, unha vez adxudicada, comezar a súa execución.



EDUCACIÓN E O MEC COLABORAN NO DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE CAPACITACIÓN DE DOCENTES E ASESORES DE FORMACIÓN DE PROFESORES

- *Estas actuacións están recollidas no acordo marco asinado polos Ministerios de Educación e Ciencia; e de Industria, Turismo e Comercio; e a entidade pública Red.es para a posta en marcha do programa Internet na Aula*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Ministerio de Educación e Ciencia (MEC), para o desenvolvemento das accións contempladas no convenio marco asinado polo MEC, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, e a Entidade Pública Empresarial Red.es para a posta en marcha do programa Internet na Aula.

O programa Internet na Aula inclúe unha serie de actuacións que teñen por finalidade introducir plenamente a Sociedade da Información e do Coñecemento no ámbito educativo, contribuíndo así á incorporación da sociedade española no uso e aproveitamento das Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (TIC).

O obxecto da addenda asinada hoxe é levar a cabo, durante o ano 2006, actuacións dirixidas á capacitación de docentes e asesores de formación de profesores. Para a execución do cumprimento do obxecto da addenda, o Ministerio de Educación e Ciencia comprométese a realizar, no ano 2006, unha transferencia á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria por unha cantidade de 129.447 euros que se destinará a financiar as accións de capacitación de docentes e asesores de formación de profesores. Así, a Administración educativa galega financiará con este importe as accións de Formación do Profesorado no ano 2006.

O convenio de colaboración a que se refire a addenda contempla distintas actuacións: de apoio metodolóxico para a comunidade educativa; de seguimento e avaliación da implantación da Sociedade da Información nos centros educativos; de fomento da elaboración, difusión e utilización de materiais didácticos dixitais para a comunidade educativa; accións dirixidas á capacitación de docentes e asesores de formación de profesores; para fomentar o uso e posta á disposición de aplicacións e recursos informáticos dirixidos ao ámbito educativo; actuacións de converxencia e a iniciativa Familias Conectadas.

As actuacións dirixidas á capacitación de docentes e asesores de formación de profesores teñen como obxectivo específico facilitar a formación nas TIC e no seu uso pedagóxico ao profesorado que imparte docencia nos distintos niveis do sistema educativo e aos asesores de formación de profesores. Estas accións irán dirixidas a



formar tecnolóxica, didáctica e metodoloxicamente os profesionais do ensino nun proceso de formación que se entende como continuo e baseado principalmente nos novos contornos formativos que ofrecen as ferramentas de aprendizaxe en liña. As actuacións de formación fomentarán as actividades de experimentación e avaliación na aula, facilitando así o incremento do uso pedagóxico das TIC, na capacitación e sensibilización do profesorado, e no mellor coñecemento da incidencia das TIC nos procesos educativos.



O POLÍGONO INDUSTRIAL DE ACEVEDO, EN CERCEDA, SERÁ OBXECTO DUNHA NOVA AMPLIACIÓN POR IMPORTE DE 500.000 EUROS

O Consello da Xunta facultou hoxe o conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Blanco, para a formalización do convenio de colaboración co Concello de Cerceda para o desenvolvemento das actuacións para a execución do proxecto de ampliación do polígono industrial de Acevedo (1ª Fase), en Cerceda.

O Concello de Cerceda desenvolverá as actuacións necesarias para a execución deste proxecto de ampliación, que terá un custo de 500.000 euros, achegados pola Consellería de Innovación e Industria con cargo aos orzamentos para os anos 2006 e 2007.

Considérase de grande importancia o desenvolvemento dunha nova ampliación do polígono de Acevedo, un espazo de localización empresarial que tivo unha grande acollida e cuxos actuais 300.000 metros cadrados están ocupados nestes momentos.

A actuación englobase no convenio de colaboración específico suscrito co Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, que pretende fomentar a diversificación industrial da zona de Cerceda, ata o de agora moi dependente da explotación carbonífera e da central térmica de Meirama.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA ACHEGARÁ 793.791 EUROS PARA ACONDICIONAR A ESTRADA A LARACHA-CERCEDA

O Consello da Xunta autorizou hoxe, por proposta da Consellería de Innovación e Industria, a sinatura dun convenio de colaboración co Concello da Laracha para levar a cabo a execución das obras de acondicionamento da estrada A Laracha-Cerceda. O departamento da Xunta dirixido por Fernando Blanco achegará para a execución destas obras un total de 793.791 euros, con cargo aos orzamentos da Consellería para os anos 2006 e 2007.

O acondicionamento da estrada que une as localidades coruñesas da Laracha e Cerceda considérase vital para contribuír á implantación de novos proxectos empresariais e facilitar as condicións favorables para a creación de empresas e a diversificación do tecido produtivo da zona da Laracha.

A actuación é froito dun convenio de colaboración específico entre o Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras e a Consellería de Innovación e Industria, que pretende que a comarca supere a tradicional dependencia do sector mineiro desta zona, moi afectada polas sucesivas reconversións do sector do carbón.



PESCA INVESTIRÁ MÁIS DE 14 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS Á PARALIZACIÓN DEFINITIVA DE BUQUES PESQUEIROS DURANTE O 2006

- *Carmen Gallego informou hoxe ao Consello da Xunta da Orde pola que se procede á convocatoria de novas subvencións e se modifica a normativa do ano 2000*
- *Para valorar as solicitudes crearase un órgano colexiado composto por varios membros da Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca*

A conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, Carmen Gallego Calvar, informou esta mañá ao Consello da Xunta da nova Orde pola que se convocan axudas á paralización definitiva de buques pesqueiros para o 2006 e se modifica a anterior normativa na que se regulaba a concesión destas subvencións. Segundo explicou Gallego Calvar ao resto de membros de Goberno, o seu departamento ten previsto investir máis de 14 millóns de euros no presente exercicio.

Criterios de selección

O novo regulamento que foi presentado hoxe e modifica a Orde do 28 de novembro do ano 2000 establece os criterios que se seguirán á hora de seleccionar os expedientes de solicitudes de axudas á paralización definitiva. Neste sentido, terán prioridade os buques que estean incluídos no plan de recuperación do fletán negro, seguidos das embarcacións do plan de recuperación da poboación sur de pescada europea e de cegala no Mar Cantábrico e no oeste da Península Ibérica, e dos barcos pertencentes ao plan de recuperación da pescada do Norte. Segundo este baremo, aqueles buques que estean incluídos nos programas de acumulación de dereitos do Gran Sol obterán menor puntuación que os pertencentes ás anteriores categorías. Ao resto das embarcacións outorgaráselles a puntuación mínima. Asimesmo por cada tramo ou parte de tramo de cinco anos de antigüidade do barco sumarase un punto ao expediente. En caso de empate terá prioridade o barco máis antigo.

Neste senso, a conselleira de Pesca informou tamén que con respecto á nova orde de axudas crearase un órgano colexiado, formado polo director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca e outros membros deste departamento, que se encargará de elaborar a proposta de concesión de axudas de acordo cos criterios de selección. Tras a publicación desta norma no Diario Oficial de Galicia, os interesados nestas subvencións terán un prazo de 31 días naturais para presentar as súas solicitudes.



MEDIO RURAL AVALÍA NEGATIVAMENTE O NOVO PLAN DE REESTRUTURACIÓN DO SECTOR LÁCTEO QUE PREPARA O MAPA

- *A Consellería do Medio Rural levou hoxe ao Consello da Xunta un informe no que pon de manifesto as consecuencias negativas que tería para Galicia a aplicación deste plan tal e como está plantexado*
- *O departamento autonómico remitiulle onte ao Ministerio as súas alegacións, nas que solicita o mantemento dos criterios sociais no reparto da cota procedente dos plans de abandono*

A Consellería do Medio Rural informou hoxe ao Consello da Xunta do contido do borrador do novo Plan de Reestruturación do Sector Lácteo que está elaborando o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e que lle foi entregado ás Comunidades Autónomas o pasado 30 de marzo. Un documento que o departamento autonómico avalía negativamente debido aos cambios que introduciría con respecto ao Plan de 2005. Un programa que perseguía entre outros obxectivos “introducir transparencia no sistema de cotas lácteas e poñer fin á especulación nas operacións de compravenda; poñer cota a prezos asequibles a disposición das granxas que máis a precisan; manter o maior número posíbel de explotacións leiteiras activas, preferentemente de tipo familiar, e apostar por un modelo claro de explotación a potenciar, na que se combinen os criterios produtivos cos de carácter social”, tal e como se recollía na súa propia formulación.

A xuízo da Consellería do Medio Rural o documento que se está a elaborar rompería esta tendencia ao reabrir o mercado de compravenda de cota entre particulares, Esta situación tradúcese en que só o 20% pasará a formar parte da Reserva Estatal. O departamento da Xunta entende que esta modificación suporía unha “volta atrás” en aspectos clave e dá entrada de novo á especulación en canto aos prezos dos dereitos de produción.

Nas súas alegacións, a Consellería argumenta que este borrador “abandona os obxectivos que perseguía o Ministerio en 2005 respecto á distribución social da cota -facilitando que as explotacións de menor dimensión puideran ampliar os seus dereitos a prezos asequibles e mellorar así a súa renda-, así como respecto á protección desta actividade en zonas con vocación produtiva e con poucas alternativas económicas”. Ademais ao abrir o mercado entre particulares considera que se abandona o principio de redistribución dos dereitos de produción en base a unha xestión pública.

Medio Rural lembra que a pasada campaña os gandeiros galegos solicitaron arredor de 260.000 toneladas de cota e, tras a adquisición tanto no mercado libre como a través do plan de reestruturación, o saldo neto foi de 164.000 toneladas, polo que se



deduce que aínda se precisarían 104.000 para favorecer o equilibrio interno entre produción e cota.

A Consellería considera que, nun momento no que as negociación abertas entre sector produtor e industrial comezan a dar os seus froitos á hora de establecer unha factura transparente e de introducir mecanismos de indexación dos prezos, “a proposta do Ministerio suporía unha ruptura coas aspiracións lexítimas do sector por mellorar a súa situación, máxime cando o Ministerio non ofrece ningún argumento para xustificar este cambio de rumbo, senón que reitera os resultados positivos da pasada campaña.

No informe presentado no Consello da Xunta, Medio Rural defende que a posición do goberno galego ante esta proposta debe ter en conta os seguintes criterios:

1. A xestión das transferencias de cotas lácteas debe facerse por parte das administracións públicas, co obxectivo de evitar as desviacións que o libre mercado provocou no sector.
2. Deberá establecerse unha dotación financeira suficiente para o Plan de abandono do sector en 2006, con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado.
3. A cota láctea procedente do plan de abandono, xunto coa existente na Reserva Estatal, deberá asignarse entre as explotacións en base a criterios comúns e que respondan a un enfoque social. Para iso priorizaranse aquelas con vocación de mantemento no sector e que posúan menos de 177.000 quilos anuais (media de cota estatal). Neste sentido, consideramos que deben manterse uns criterios de reparto similares aos establecidos no Plan de reestruturación de 2005, sen restrinxir os posíbeis movementos de cota láctea entre Comunidades Autónomas que poidan derivarse da aplicación dos citados criterios.



MEDIO RURAL PROSEGUE COA CONTRATACIÓN DO PROGRAMA ESTRATÉXICO DE INFRAESTRUTURAS EN 18 CONCELLOS

- *O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural para asinar novos convenios para a realización de obras de infraestruturas rurais no marco do Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural, cun orzamento previsto nesta terceira quenda de 2.339.411 de euros distribuídos en dúas anualidades.*

A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, elaborou as directrices para un plano de investimentos a realizar en distintos concellos de Galicia denominado Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM), que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos entre os que se sinalan proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e de mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e de contribuír a fixar poboación.

Contemplanse tamén proxectos de obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren nas competencias da Consellería do Medio Rural.

A estrutura formal do convenio contén os títulos competenciais que xustifican a actuación, mecanismos de coordinación entre as partes, réxime de financiamento, e mecanismo de seguimento da execución do convenio.

Nesta terceira fase, destinaranse 2.339.411 euros para as obras que se executarán, despois da sinatura dos convenios, nos concellos de Brión, Frades, Mazaricos, Paderne, Vilarmajor, Cospeito, Guntín, Palas de Rei, Ribas de Sil, Laza, A Merca, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Campo Lameiro, A Cañiza, Meis, Tui e Vilanova de Arousa.

Estes 18 concellos correspondentes á terceira quenda súmanse aos 57 incluídos nos anteriores consellos da Xunta. Nas vindeiras semanas proseguirase co proceso de contratación de obras nos restantes municipios galegos, ata completar os 40 millóns de euros previstos no PEIM correspondentes ás anualidades 2006-2007.



A XUNTA APROBA O PROXECTO DE REFORMA DA LEI DE CAZA DE GALICIA, QUE ESTÁ EN VIGOR DESDE 1997

- *Permitirá adecuar a lexislación autonómica á normativa estatal*
- *A principal novidade atinxe a responsabilidade dos danos provocados polas especies cinexéticas, incluídos os acontecidos nas estradas, dado que deixará de recaer exclusivamente nos cazadores*
- *Este texto, que será remitido ao Parlamento para a súa tramitación e aprobación, é froito de acordos acadados entre a Consellería de Medio Ambiente e o sector*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de modificación da Lei de Caza de Galicia, que está en vigor desde xuño de 1997. Esta proposta de reforma, que será remitida ao Parlamento autonómico para a súa tramitación, debate e aprobación, é froito do diálogo e de acordos acadados entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e os representantes do sector.

A reforma desta lei galega ven motivada, fundamentalmente, pola necesidade de adecuala aos cambios lexislativos que se produciron a nivel estatal, sobre todo no que atinxe á nova Lei sobre Tráfico e Seguridade Viaria, vixente desde xullo do pasado ano, xa que establece unha incidencia directa no eido da responsabilidade por danos ocasionados polas especies cinexéticas nas estradas. Este proxecto de reforma tamén ten en conta a importante transformación do agro galego, que tivo unha repercusión profunda nos ecosistemas así como nas poboacións e as especies vinculadas ao mundo de caza. O texto que remitirá a Xunta ao Parlamento propón a modificación de 11 artigos así como a incorporación de dous novos á norma en vigor desde 1997.

Indemnizacións de danos

A principal novidade deste proxecto lexislativo está no artigo 23, que regula as indemnizacións por danos causados pola fauna cinexética. Ata de agora, e en contraposición co establecido na nova norma estatal sobre tráfico e seguridade viaria, os cazadores son responsable de todos os danos que se producen en terreos cinexeticamente ordenados (Tecor), incluídos os que ocorren nas estradas. Co proxecto de reforma da Lei de Caza redactado pola Consellería de Medio Ambiente, a norma galega adaptarase á nacional, permitindo que os cazadores só sexan responsables dos danos que cause a fauna cinexética en accidentes de tráfico no caso de demostrarse unha mala xestión do tecor afectado.

A introdución desta modificación resulta de gran importancia, xa que ata agora os compañías aseguradoras non subscribían as pólizas para cubrir os posibles danos provocados polos animais ou poñían moitas dificultades, como, por exemplo, prezos moi elevados. Coa nova redacción da lei de caza, abaratarase en gran medida o custo do seguro que contraten os cazadores ou sociedades xestoras de tecores.



O proxecto de lei aprobado hoxe polo Consello da Xunta propón a seguinte redacción do artigo 23 da Lei de Caza de Galicia, sobre indemnizacións por danos:

“1.- En accidentes de tráfico ocasionados por atropelo de especies cinexéticas, os danos persoais e patrimoniais ateranse ao disposto na normativa estatal en materia de seguridade viaria existente ao respecto.

2.- Os titulares de aproveitamentos cinexéticos de terreos suxeitos a réxime cinexético especial responderán nos demais casos dos danos ocasionados polas especies cinexéticas.

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, logo da instrución do correspondente expediente de valoración, indemnizará os danos efectivamente producidos polas especies cinexéticas nos terreos cinexéticos de aproveitamento común, dos Tecor autonómicos da súa administración, das reservas de caza, dos refuxios de fauna e de calquera outro terreo no que a administración e xestión lle correspondan”.

Outras novidades: A reforma da Lei de Caza de Galicia proposta polo Goberno galego afecta a outros dez artigos. Nalgúns casos trátase de leves modificacións ou simples subsanación de erros para adecuar a normativa de 1997 ás circunstancias actuais. Significativos resultan os seguintes cambios:

-Ampliación a 25 anos como máximo do prazo de cesión dos dereitos cinexéticos dos Tecor de nova aprobación ou aqueles nos se proceda a renovar a súa cesión. Ata agora este prazo era só de ata 15 anos.

-Regulación por vía regulamentaria da actividade de taxidermia, “na que se contemplara en todo caso a obriga de levar un libro rexistro onde conste a procedencia do animal, a obriga de absterse de recibir e preparar a peza que non veña acompañada da documentación e dos precintos acreditativos da súa orixe”.

-As granxas cinexéticas poderán comercializar pezas vivas, pero non mortas, como permite ata o de agora a lei de caza en vigor.

-Clarificación das zonas de seguridade, de acordo co establecido no Regulamento da Lei de Caza.

Finalmente, o proxecto de lei impulsado pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible tamén introdúcese novidades con respecto ás probas de detección alcohólica ou de sustancias psicotrópicas:



“Os cazadores que sexan sorprendidos cazando con síntomas de atoparse baixo a influencia de estupefacientes, alcohol, sustancias psicotrópicas ou calquera outra droga deberán someterse ás probas de detección cando sexan requiridos polos axentes ou membros dos corpos e forzas de seguridade do Estado e polo persoal das escalas de axentes forestais e axentes facultativos ambientais da Xunta de Galicia. Pola vía regulamentaria determinarase o procedemento, as dilixencias a levar a cabo e en xeral as regras ás que deberá de axustarse esta actuación”.

Na lei actual xa se consideraba como sanción moi grave o exercicio da caza baixo os efectos do alcohol ou de sustancias psicotrópicas, pero non estaba estipulado no articulado. Na reforma deste artigo amosáronse especialmente interesados os representantes dos cazadores, xa que afirman ser os primeiros en querer que se practique a actividade cinexética de forma responsable e óptima.



O GOBERNO GALEGO FAI FRONTE AO SANEAMENTO DA RÍA DE VIGO CUN PLAN INTEGRAL DE REDUCIÓN DA CONTAMINACIÓN

- *O documento, froito da coordinación de nove departamentos da Xunta pretende corrixir o déficit histórico da ría en materia de saneamento e evitar así outras condenas, como a imposta pola Unión Europea*
- *O programa inclúe novas infraestruturas e o establecemento de sistemas de vixilancia e control*

O Goberno galego elaborou en dous meses un programa específico para a redución da contaminación nas augas da Ría de Vigo, que foi presentado hoxe ao Consello da Xunta polo conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Manuel Vázquez. O documento, coordinado pola Consellería de Medio Ambiente, é o froito de dous meses de intenso traballo e eficaz coordinación por parte da comisión interdepartamental da Xunta. Esta comisión, convocada por parte da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, está conformada por Presidencia, Economía e Facenda, Política Territorial, Sanidade, Pesca, Medio Ambiente, Vivenda, a Asesoría Xurídica da Xunta e a Autoridade Portuaria de Vigo, nun esforzo interdepartamental sen precedentes en anteriores gobernos de Galicia.

Co acordo, cuxo texto foi presentado hoxe no Consello da Xunta, preténdese, en primeiro lugar, corrixir o déficit histórico da Ría de Vigo en materia de saneamento, pero tamén dar resposta integral e efectiva á sentenza firme do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (15 de decembro de 2005) que condenou hai catro meses ao Reino de España por incumprir a Directiva 79/923/CEE relativa á calidade exigida ás augas na Ría de Vigo.

Pese a que a sentenza ten data do 15 de decembro de 2005, os antecedentes están no ano 2000, cando a Unión Europea iniciou un expediente pola posible aplicación incorrecta da directiva.

Precisamente, este plan de actuación para reducir a contaminación das augas da Ría de Vigo, elaborado polo actual goberno é o mesmo que a Unión Europea lle reclamou de forma insistente aos anteriores gobernos de Galicia e España desde o ano 2002. A falta de resposta por parte de ambos derivou na sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, que podería supoñer multas coercitivas de arredor de 20 millóns de euros cada seis meses deducibles dos fondos comunitarios que recibe o Estado español.

Resposta do Goberno galego

O novo goberno galego pretende que a presentación deste plan de actuación para o saneamento integral da Ría de Vigo, que responde a unha vontade de cumprimento



estrito da lexislación comunitaria, impida a execución da sentenza por canto supón unha resposta integral e efectiva ao problema e permite cumprir o establecido na sentenza.

O documento, examinado hoxe polo Consello da Xunta divídese en tres partes. A primeira describe a situación xeral da Ría de Vigo; a segunda identifica os focos de emisión e a terceira detalla as actuacións necesarias para cumprir as directivas europeas, que van desde as infraestruturas precisas ata o establecemento de plans de vixilancia e control dos vertidos, da calidade das augas ou microbiolóxicos.



MEDIO AMBIENTE DESTINA 200.000 EUROS Á CONSTRUCCIÓN DUN PUNTO LIMPO NA LOCALIDADE CORUÑESA DE PORTO DO SON

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe un investimento de preto de 200.000 euros para a construción dun punto limpo no Concello de Porto do Son. A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, dotará a localidade coruñesa do recinto en que se poderán depositar residuos que se xeren no ámbito domiciliario.

A consellería construírá o punto limpo nunha parcela cedida polo concello, que se atopa na Agra de Bustelo, nunha parcela limítrofe coa localidade de Portosín. No terreo instalaranse bidóns abertos, tipo iglú, rectangulares, depósitos para a recolla de pilas, baterías de coches, disolventes e pinturas, entre outros.

As obras teñen un prazo de execución de tres meses a partir da súa adxudicación. Ao seu remate, a consellería entregará as instalacións ao concello, que será o encargado da súa xestión.



MEDIO AMBIENTE DESTINA 1,4 MILLÓNS DE EUROS A MELLORAS NAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DOS CONCELLOS DE MONFORTE, PADERNE, O VICEDO, CALDAS E MORAÑA

- *O Consello da Xunta confirmou hoxe as actuacións que serán financiadas na súa totalidade por Augas de Galicia*
- *A Consellería aprobou en tres semanas investimentos para infraestruturas hidráulicas que superan os 11 millóns de euros*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible vén de confirmar un novo plan de actuacións en materia de abastecemento e saneamento en cinco concellos galegos. As obras suman un importe de 1,4 millóns de euros, que foi aprobado hoxe polo Consello da Xunta. Trátase de melloras de depuración en Caldas de Reis, Moraña (Pontevedra), O Vicedo (Lugo) e Paderne (A Coruña), así como da construción dunha rede de abastecemento á parroquia de Necedas, pertencente ao Concello de Monforte de Lemos (Lugo).

As obras, que serán financiadas integramente polo organismo Augas de Galicia, súmanse ás que foron aprobadas nos anteriores consellos da Xunta. Así, en pouco menos dun mes, a Consellería de Medio Ambiente aprobou actuacións por valor de máis de 11 millóns de euros en vinte e unha localidades galegas.

Os proxectos aprobados hoxe son os que se citan a seguir:

Caldas de Reis e Moraña (Pontevedra)

Os concellos de Moraña e Caldas de Reis, na provincia de Pontevedra, serán obxecto dun proxecto de saneamento, que require un investimento de 787.330 euros. Trátase de dotar deste servizo aos núcleos de Aboi, Baxe, Paradivas e Aguincho, en Caldas de Reis, e Sabadín, en Moraña. O obxecto do proxecto é acometer as actuacións encamiñadas á recolla de agoas residuais mediante colectores e bombeos que conduzan á depuradora. O prazo de execución da obra é dun ano.

O Vicedo (Lugo)

Augas de Galicia levará a cabo unha actuación de mellora da rede de saneamento en Xilloi, no Concello lugués do Vicedo. O organismo autónomo investirá 171.079 euros nunha actuación do sistema actual da rede actual de sumidoiros e da depuradora actual.



Paderne (A Coruña)

Outro dos proxectos aprobados hoxe polo consello da Xunta é o saneamento no lugar de Gas-Souto, na localidade coruñesa de Paderne. O obxecto desta actuación é mellorar a infraestrutura actual, para o cal se realizará un investimento de preto de 200.000 euros. O prazo de execución da obra é de tres meses despois da adxudicación.

Monforte (Lugo)

Así mesmo, Augas de Galicia destinará 250.000 euros á prolongación das redes existentes para dotar de servizo de abastecemento á parroquia de Nocedas, pertencente ao concello lugués de Monforte de Lemos. A construción da nova rede está previsto que se remate nun prazo de 3 meses a partir da súa adxudicación.



CULTURA COLABORA COA FUNDACIÓN MARCO NA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, DIDÁCTICAS E DE DIFUSIÓN

O Consello da Xunta autorizou, na súa reunión deste xoves, a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a *Fundación Marco de Vigo* para a realización de actividades culturais, didácticas e de difusión. A Consellería de Cultura achegará, para este fin, un total de 200.000 euros.

Dado que a *Fundación Marco* ten como obxectivo a realización de actividades culturais de investigación, educación, formación, conservación, exhibición e difusión da arte e a cultura contemporánea, con particular atención a produción artística de Galicia e procura a adquisición, conservación e estudo deste patrimonio cultural, a Consellería de Cultura considera conveniente a colaboración con esta entidade na posta en marcha de accións de difusión cultural e tamén didácticas.

O obxectivo final que persegue este convenio é o de achegar á sociedade en xeral o coñecemento e a difusión da arte e da cultura.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA APROBA UNHA LIÑA DE AXUDAS PARA O REMATE EXTERIOR DAS CASAS UNIFAMILIARES NO MEDIO RURAL

- *Con esta medida preténdese contribuír a corraxir o impacto que teñen sobre o territorio as construcións que non se rematan*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a proposta da Consellería de Vivenda e Solo un decreto no que se regula unha liña de axudas para o remate exterior das vivendas unifamiliares situadas no medio rural. Esta liña de axudas vai dirixidas ás rendas que no superen en 2,5 veces o IPREM (Índice Público de Rendos de Efectos Múltiples), e pretende contribuír a mellorar a calidade da vivenda e a frear a deterioración que implica sobre o territorio este tipo de edificacións inacabadas.

A subvención será o equivalente ao 30% do custo da obra, que deberá realizarse en tres meses. O presente decreto pretende “axudar os promotores de vivendas unifamiliares con baixos ingresos para que poidan rematar as súas casas, quedando protexidas da humidade e do clima en condicións de salubridade e de seguridade”, como se explica no propio texto do decreto. As obras deben realizarse con materiais respectuosos coa tipoloxía da zona.

Poden acollerse a esta nova liña de axudas ás vivendas en construción que teñan licenza municipal de obra, cunha antigüidade inferior aos 15 anos, que teñan cuberta, paramentos exteriores e a carpintaría exterior completa. A casa obxecto dunha subvención debe estar situada nun núcleo de poboación de entre 500 e 1.500 habitantes. As solicitudes para recibir esta información presentaranse nas oficinas das delegacións provinciais da Consellería de Vivenda.

Os beneficiarios da subvención teñen a obriga de dedicar a vivenda rematada a residencia habitual e permanente durante o prazo de 10 anos como mínimo, aínda que no caso dos galegos residentes no exterior esta obriga limitárase á residencia na vivenda durante polo menos trinta días ao ano no mesmo período.

As subvencións desenvolveranse mediante ordes anuais que determinarán a contía de recursos, o prazo de presentación das solicitudes e o desenvolvemento do procedemento de concesión para cada exercicio orzamentario.